



eco

REVISTA DO EIXO ATLÁNTICO

MÉRCORES, 21 DE DECEMBRO DE 2016

ATRÁS · ACTUALIDADE · A GUÍA DE ECO · SUBSCRICIÓN · CONTACTO

## A nova regulación contable fai os procesos máis sinxelos

REDACCIÓN · PUBLICADO O 21 DE DECEMBRO DE 2016 · (0)

O pasado sábado publicouse no BOE o Real Decreto polo que se modifica o Plan Xeral de Contabilidade e o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas. E os economistas valoran positivamente as modificacións dirixidas a **simplificar as obrigacións contables das pequenas empresas**.

Con todo, advirten que **algún punto, como o de redución de información na memoria**, podería ir en prexuízo do principio de transparencia e fiabilidade da información financeira.

, afirma **o presidente do Consello Xeral de Economistas, Valentín Pich**.

Seguindo o proceso iniciado en xuño de 2013 coa publicación no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) da Directiva Contable Europea, e coa aprobación da Lei de Auditoría de Contas 22/2015, que modificaba o Código de Comercio e o TRLSC, **o pasado sábado publicouse no BOE o Real Decreto 602/2016, do 2 de decembro, mediante o que se trasponse dita Directiva ao ordenamento xurídico español**. O obxectivo desta Directiva, á parte da harmonización contable entre os Estados Membro da Unión, é simplificar a documentación para realizar e presentar por parte das pequenas e medianas empresas (PEMES) e en especial polas microempresas. **A idea é lograr un equilibrio adecuado entre as cargas administrativas soportadas polas empresas máis pequenas** e as necesidades de información dos destinatarios dos estados financeiros deste tipo de empresas.

<http://www.ecodixital.com/post.php?id=8548>

O Consello Xeral de Economistas, a través de dous dos seus órganos especializados (REA+REGA Auditores e EC-Economistas Contables) **valorou positivamente o traballo realizado polo Ministerio de Economía e polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (ICAC)** no sentido de plasmar a normativa europea mediante a elaboración dun novo plan contable para pequenas e medianas empresas que simplifique os trámites á hora de presentar as contas anuais.

conclúen **Francisco Gracia a e Carlos Puig de Travay, presidentes de EC e REA+REGA.**

Un aspecto que, segundo os economistas, tamén se mellorou de forma notable é o tratamento contable dos inmovilizados intangibles, e, en particular, do fondo de comercio. Na súa opinión, parécelles acertado o criterio de vida útil definida destes inmovilizados e a presunción, salvo proba en contrario, dunha vida útil para o fondo de comercio de dez anos. É un criterio práctico, sensato e que supón unha forma adecuada de homoxeneizar o seu tratamento contable. Ademais, establécense unhas opcións de transición que cada empresa poderá elixir en función das súas propias circunstancias.

Con todo, os economistas estiman que, como consecuencia da transposición da Directiva, a substitución do actual modelo de memoria (abreviada e Pemes) por outro con menores requirimentos podería levar a unha perda sensible de información incluída nas memorias das empresas máis pequenas, pero tamén máis numerosas tanto en España como no resto de Europa. A consecuencia de todo iso podería supoñer unha redución da transparencia e fiabilidade da información financeira. Aínda que é obrigatorio incluír unha información mínima, para conseguir entender as contas anuais das empresas debería incluírse toda aquela información que sexa necesaria para lograr o obxectivo de transparencia, xa que este é o fin principal que debe alcanzar a formulación das contas anuais. Por iso, os economistas recomentan que as empresas inclúan información adicional de forma voluntaria.



---

COMENTAR NOTICIA

Alias